

PROGRAMACIÓN PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA

CRA DE MEIS

CURSO 2024/2025

Mestra: Isabel de la Torre Ben

ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN.....	Páx. 3
2.	ALUMNADO.....	Páx. 3
3.	ORGANIZACIÓN DOS APOIOS.....	Páx. 4
	3.1. HORARIO DA MESTRA DE PT.....	Páx. 5
	3.2. COORDINACIÓNS.....	Páx. 5
4.	OBXECTIVOS.....	Páx. 6
5.	ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS.....	Páx. 7
6.	RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS.....	Páx. 8
7.	AVALIACIÓN.....	Páx. 9

1. INTRODUCCIÓN:

A seguinte programación pertence á mestra de PT do CRA de Meis, un colexio enmarcado no concello de Meis. Esta programación ten como finalidade responder á diversidade de capacidades, intereses e motivacións do alumnado. Tratando de dar sempre unha resposta educativa o máis normalizadora e inclusiva posible, partindo do currículo ordinario.

A atención á diversidade aparece recollida na Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro o cal regula a atención á diversidade, e define a mesma como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Para o desenvolvemento da presente programación, teremos en conta os seguintes protocolos que a CECUFP pon a disposición dos centros e que no noso caso priorizaremos os seguintes: “Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA)” e o “Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva”.

2.- ALUMNADO:

Para a atención educativa ó ACNEAE o centro conta cunha mestra de PT compartida co CEIP Armenteira que acode ao centro dous días á semana e cunha mestra de AL tamén a tempo completo. Como mestra de PT desenvolvo as miñas funcións nas aulas de San Martiño, O Marco e San Vicente. O apoio levarase a cabo na aula ordinaria.

Tras visualizar os expedientes, informes e programas de intervención dos alumnos/as do centro é previsible que preste apoio nas seguintes aulas cos seguintes casos:

- *Aula de San Martiño:*

A intervención nesta aula constará dun total de 2 sesións semanais (luns e xoves) nas cales se traballarán aspectos relacionados coa comprensión e expresión oral, a comunicación, os procesos psicolóxicos básicos (atención, percepción e memoria), a secuenciación e organización espacio-temporal e as

habilidades sociais. Entre o alumnado escolarizado atópanse necesidades relacionadas cun retraso global do desenvolvemento.

- *Aula de O Marco:*

A intervención nesta aula constará dun total de 2 sesións semanais (luns e xoves) nas cales se traballarán aspectos relacionados coa comprensión e expresión oral, a comunicación, os procesos psicolóxicos básicos (atención, percepción e memoria), a secuenciación e organización espacio-temporal e as habilidades sociais. Entre o alumnado escolarizado atópanse necesidades relacionadas cun trastorno da fluidez da fala.

- *Aula de San Vicente:*

A intervención nesta aula constará dun total de 2 sesións semanais (luns e xoves) nas cales se traballarán aspectos relacionados coa comprensión oral, a comunicación, os procesos psicolóxicos básicos (atención, percepción e memoria), a secuenciación e organización espacio-temporal, conceptos básicos, control postural e as habilidades sociais. Entre o alumnado escolarizado atópanse necesidades relacionadas con implantes cocleares.

3.-ORGANIZACIÓN DOS APOIOS:

A organización dos apoios será consensuada dende o Departamento de Orientación en colaboración coas titorías, buscando como obxectivo principal o maior aproveitamento e avance na evolución do alumnado. Dadas as características das escolas, que contan con diferentes espazos nunha mesma aula permiten que o apoio sexa o seguinte:

a) Apoio ao alumnado na aula ordinaria: levarase a cabo en coordinación co titor/a seguindo a programación da aula introducindo adaptacións e modificacións precisa en funcións das capacidades e necesidades atopadas. Este tipo de apoio permitirá a participación do alumno/a na propia aula, unha maior atención a este por parte do mestre/a titor/a, a observación deste alumnado no contexto ordinario así como a posibilidade de beneficio do resto do grupo.

3.1- HORARIO DA MESTRA DE PT:

O horario inicial para o presente curso é o seguinte, destacar que será susceptible de modificación ante as diferentes demandas, necesidades ou a posible incorporación de novo alumnado ao centro.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 9:50	San Martiño			San Martiño	
10:00 10:50	O Marco			O Marco	
11:00 12:00	D.Orientación			Garda	
12:10 13:00	San Vicente			San Vicente	
13:10 14:00	Itinerancia			Libre Disposición	

3.2- COORDINACIÓNS:

A coordinación levarase a cabo fundamentalmente entre o Equipo de atención á diversidade (Orientadora, mestra de AL, mestra de PT) e cos titores/as dos alumnos/as ós que se lle realiza o apoio. Estes á súa vez coordinaranse coas familias e nós tamén manteremos esta vía de comunicación así como con outros organismo externos. Realizaranse as reunións necesarias para valorar os avances e posibles retrocesos dos alumnos/as, consensuar os métodos de ensino e materiais empregados, comunicación da información relevante para o proceso de ensino, entre outras. Desta maneira, os horarios están deseñados para favorecer ao máximo posible a coordinación dos apoios estando xa reservada 1 sesión semanal para realizar a mesma:

- Unha sesión semanal de coordinación co Equipo de atención á diversidade: nela planificaremos conxuntamente o traballo. A orientadora, mestra de AL e mestra de PT faremos un seguimento e avaliaremos os apoios realizados.

- No caso dos titores, a coordinación está previsto que se leve a cabo os martes pola tarde. Así mesmo ambas especialistas do apoio tamén manteremos comunicación continuada.

4.- OBXECTIVOS:

Partimos dunha realidade na que o alumnado non é homoxéneo e ten intereses, estilos de aprendizaxe e capacidades diferentes. En consecuencia, dende o colexio e máis concretamente dende o ámbito de pedagogía terapéutica hai que dar resposta a esa diversidade, polo que se establecen os seguintes obxectivos de traballo para o presente curso:

OBXECTIVOS XERAIS:

- Procurar o desenvolvemento normalizado e integral dos alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) nos niveis psicolóxico, afectivo e instrutivo proporcionándolle un tratamento compensador que lles axude a superar as súas dificultades.
- Desenvolver a linguaxe para que sirva como medio de aprendizaxe e integración social.
- Conseguir gradualmente o dominio das técnicas instrumentais básicas.
- Conseguir a maior inclusión posible de cada alumno/a nas actividades escolares e extraescolares do centro, co máximo rendemento en función das súas dificultades.
- Establecer unha boa coordinación cos titores e profesores das distintas áreas para que o proceso de ensinanza- aprendizaxe dos alumnos teña continuidade.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

A nivel de centro.

- Buscar e elaborar recursos e material didáctico apropiado para os/as alumnos/as que se van atender.
- Colaborar na detección e proposta de formación do profesorado en relación ás NEAE do alumnado.

- Elaboración en coordinación co resto do Departamento do horario de atención ao alumnado con NEAE.
- Elaboración dos programas de intervención de cada un dos alumnos/as.
- Traballar de forma coordinada cos distintos profesionais internos e externos: titor/a, mestra de A.L, orientadora, familias e outros /as especialistas

A nivel de aula

- Favorecer a inclusión dos alumnos/as, tanto no centro educativo coma na sociedade.
- Traballar as dificultades do alumno partindo das súas potencialidades e intereses.
- Detectar xunto coa mestra titoras novas necesidades educativas.
- Favorecer a inclusión dos alumnos/as tanto no centro como na sociedade.
- Mellorar a autoestima e o autoconcepto do alumnado.

5.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS:

Partiremos sempre de que cada alumno/a é diferente e ten uns ritmos, estilos de aprendizaxe e motivacións distintas, así como do seu nivel psicoevolutivo e dos coñecementos previos.

Trataremos de promover un ambiente positivo. A información transmitirase de forma clara e concisa, complementando a oralidade co uso de pictogramas ou fotos, asegurándonos en todo momento que os/as alumnos/as o comprenden. As tarefas serán presentadas ao inicio da sesión, de forma secuenciada e graduada según o nivel de atención necesario, realizando en primeiro lugar aquelas que requiran un maior nivel de esta.

Usaremos diferentes modalidades (papel, ordenador, actividades manipulativas, láminas plastificadas e velcros...). Reforzaremos os seus logros, por pequenos que estes sexan, xa que repercutirá no seu benestar emocional, na súa autoestima e no seu nivel de motivación para participar nas tarefas.

A modo de conclusión desenvolverase unha metodoloxía inclusiva na que participe toda a comunidade educativa, mediante unha labor preventiva e

detectaranse posibles lagoas actuando de nexo de unión entre o departamento de orientación e o resto de profesionais que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe e colaborando en todo o relacionado coa atención á diversidade.

6.- RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS:

Recursos humanos:

- Profesorado titor
- Orientadora
- Mestra especialista en PT
- Mestra especialista en AL
- Mestra especialista en Educación Musical
- Mestra especialista en Educación Física
- Mestra especialista en Inglés
- Recursos externos ao centro (EOE, logopedia, etc.)

Recursos materiais:

O alumnado que vai acudir á aula de Pedagogía Terapéutica pertence á etapa de Educación Infantil polo que o material utilizado será variado. Establezo a seguinte clasificación:

- Material xenérico de aula composto por material funxible.
- Material específico, para o cal establezo a seguinte clasificación: Materiais de habilidade e atención (puzles, xogos para encaixar, ensartar, xogos magnéticos, xogos de motricidade fina, xogos de atención visual e memoria, percepción visual...) ; de linguaxe (contos infantís, materiais manipulativos de lecto-escritura, letras magnéticas, dominó de rimas, materiais de conciencia fonolóxica, lotos de imaxes para traballar vocabulario, xogos de mesa); de matemáticas (regretas, dominós de números, números magnéticos) ; Materiais plásticos (témperas, pinturas de dedos, distintos tipos de papel)

7.- AVALIACIÓN:

Entendemos a avaliación como un proceso de revisión e mellora continua da situación de ensinanza-aprendizaxe que inclúe a todos os elementos deste proceso (alumnado, profesorado, práctica docente,...).

Comezando pola avaliación do proceso de ensino- aprendizaxe: analizaremos a nosa práctica docente, a programación da aula, o contexto da aula, a metodoloxía, os materiais, as relacións cos compañeiros,... a través da observación sistemática, a autoavaliación e rexistro das actuacións.

En canto á avaliación do alumnado: os criterios de avaliación estarán recollidos en cada programa de intervención, establecidos de acordo ao seu nivel. Para alumnos con adaptación curricular farase en función dos criterios de avaliación individualizados establecidos nela.

A avaliación farase a través da observación sistemática e da análise das tarefas do alumno. É moi importante ter presentes as necesidades do alumno e realizar as adaptacións pertinentes nos instrumentos de avaliación.

Así pois, constará dunha avaliación inicial do alumno, que nos servirá para coñecer o nivel de competencia curricular e os posibles problemas que pode presentar, e a partir da cal se programará a intervención. A partir do modelo recollido na Orde do 8 de setembro de 2021, elaborárase un programa de intervención individualizado para cada un dos nenos e das nenas. Tamén haberá unha avaliación continua mediante a recollida de información a través da observación sistemática de todas as actividades realizadas e unha avaliación final do alumno, coñecendo se se conseguiron os obxectivos marcados no inicio do programa e se o podemos dar por finalizado, ou polo contrario debemos modificalo e empezar de novo. Os resultados obtidos recolleranse no seu correspondente informe final, o cal quedará no D.O. de cara ao vindeiro ano.